

1. IDENTIFICACIÓN					
Título da UD	«A castaña no ourizo».				
Etapa	EDUCACIÓN PRIMARIA.	Área	Educación artística (Educación Musical).	Nivel	5º
Mestres	Educación Musical. Ciencias da Natureza.				
Centro de interese	O Magosto - «Os froitos do outono!».	Proxecto	Festival de Nadal.		
Descrición					
Nesta unidade o alumnado vai tocar coa orquestra escolar acompañando unha canción relativa ao outono. Tamén cantará unha canción de magosto e improvisará cos instrumentos de láminas preparados en pentafonía sobre un arquivo de audio sampleado.					
Xustificación					
Baseándonos nos Ciclos Anuais trataremos nesta unidade o outono e o magosto.					
Contexto					
A influencia do mundo anglosaxón, por mor da globalización, é ampla. Por ela, o alumnado corre o risco de perder as súas raíces ancestrais e os enfoques sobre as nosas festividades outonais e, por iso, esta unidade incide na de san Martín e o magosto e, dun xeito xeral, no outono. Aproveitaremos estas temáticas para tratar a creatividade a partir da improvisación en pentafonía sobre bases harmónicas acordadas previamente, así como a modulación ao ton da subdominante e o acorde de sétima de dominante.					

2. CONCRECIÓN CURRICULAR				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptn.
EDUCACIÓN MUSICAL				
BLOQUE 1. ESCOITA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Acento e pulso. 	contexto.		
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
▪ j	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12 Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6 Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.6.1 Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.6.2 Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Fruta doce: dixitación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

	<p>da escala de dó sen alteracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. ▪ B2.3. Gravación e rexistro da interpretación. ▪ B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios. 	<p>instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6 Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2 Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2 Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

		mostrando actitudes de respecto e colaboración.	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.4 Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura, 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
CIENCIAS DA NATUREZA				
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> a e h i l o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Observación e estudo dun ecosistema próximo, recoller datos, facer hipóteses e recollendo os resultados en diferentes soportes. B3.9. Actuacións humanas que modifican o medio natural. Extinción de especies. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC

ELEMENTOS TRANSVERSAIS																
Comprensión lectora	Expresión oral e escrita	TIC	Educación audiovisual	Inclusión de persoas con discapacidade	Igualdade efectiva entre homes e mulleres	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	Resolución de conflitos	Educación e seguridade viaria	Creatividade	Autonomía	Iniciativa	Traballo en equipo	Confianza en un mesmo	Sentido crítico	Educación para o lecer	Educación do consumidor
		X	X			X	X		X	X	X	X	X	X		

Tarefa. Montar unha obra musical orixinal de autor empregando a voz, frutas e o instrumental da aula.

1ª Sesión

Actividade ¹	Exercicio	Observacións
AIM. Coa letra escrita no encerado, cantar o profesorado a canción «O outono xa chegou» acompañándose cun instrumento polifónico ou ben sobre os ODE do curso.	Identificar a estrutura ternaria da canción. Apreciar a modulación ao ton da subdominante. Realizar un gráfico que represente a forma e no que se plasme a modulación de distintas formas (cambio de altura, liñas ascendentes, cambio de cor, etc.).	Incidir no carácter da melodía da primeira sección baseada en arpejos que rematan co pentacordo descendente con vistas a establecer a tonalidade principal. Destacar o acorde de sétima de dominante que enlaza a primeira sección coa segunda (o xeito auditivo de que a tónica pasa a desempeñar o papel de dominante da súa propia subdominante). Resaltar os elementos comúns entre estrofas (pentacordo descendente da primeira en relación ao ascendente

¹ AIM (Actividades de introdución-motivación). ACP (Actividades de coñecementos previos). AD (Actividades de desenvolvemento). AC (Actividades de consolidación). AR (Actividades de repaso). ARF (Actividades de reforzo). AAV (Actividades de avaliación). AA (actividades de ampliación).



		da terceira, as terceiras que imitan o canto do cuco, etc.).
AD. Aprender a letra da canción.	Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto.	Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria. Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética.
AD. Aprender «O outono xa chegou» co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Interiorizar a medida marcando o compás e completando no encerado os compases baleiros empregando figuras e silencios diversos. Ler a partitura de cada instrumento conxuntamente, de xeito que todo o alumnado aprende e practica a totalidade das partes (se non hai instrumentos dalgún tipo para todos, tocar no aire sobre o instrumento orixinario, coa axuda do profesorado en espello).	Para a lectura poden empregarse as distintas bases de audio proporcionadas (ODE), tanto para apoiar a práctica instrumental mentres se escoita o mesmo instrumento que se está a tocar a só como para entender o armazón musical tocando con outros ou ben outros instrumentos diferentes ao que soa. Para as láminas, axudarse co esquema básico de percusión corporal de xeito que, despois, será substituído por la práctica en cada instrumento.
AD. Estudar as partes en que participan as frautas.	Tocar distinguindo diferentes xeitos de articulación: picado ligado e picado.	Empregar as sílabas «da» e «ta» respectivamente para separar os sons, optando finalmente polo picado ligado.
AA. Procurar información sobre o magosto, así como sobre cancións de Santos e magosto.	Establecer criterios de procura na Internet que respecten a normativa de dereitos de autor.	

2ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións
AR. Distribuídos por instrumentos, tocar cada discente a parte que lle corresponda.	Memorizar a súa parte na execución instrumental.	Traballar por seccións e despois ensamblar as tres.
ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades.	Memorizar e interpretar a súa parte na execución instrumental.	En caso de ser preciso empregárase o ODE desa parte concreta como axuda (nese caso, atención ao tempo, xa que o marca o ODE).
AD. Montar a peza todos xuntos, sen e con canto.	Atender ao resultado sonoro da superposición dos diferentes <i>ostinatti</i> . É factible cantar só algunha sección e empregar un instrumento polifónico como apoio ou ben os ODE do curso.	Aínda que hai moitas posibilidades, recomendamos na primeira sección comezar cos xilófonos conxuntamente máis carillóns e, logo, engadir os de altura indeterminada; convén incidir na resolución da cuarta aumentada dos xilófonos sopranos ao final da sección. Na segunda, traballar os acordes dos metalófonos sen canto por riba inicialmente. Finalmente, para a terceira sección, é recomendable que todo se conxunte co punto de referencia do metalófono contralto e, moi especialmente, as terceiras que imitan o canto do cuco en varios instrumentos.
AA. Gravar esta última versión en audio, vídeo ou soporte informático.	Atender á interpretación independentemente dos factores externos que incidan sobre ela.	Subírase este traballo ao <i>blog</i> da aula e remitírase enlace ás familias.

Tarefa. Cantar a canción do Magosto sobre os ODE do curso.

3ª Sesión		
Actividade	Exercicio	Observacións

<p>AIM. Coa letra escrita no encerado, o profesorado canta a canción «A castaña no ourizo» acompañándose cun instrumento polifónico ou ben sobre os ODE do curso (versión A, con ou sen apoio da melodía).</p>	<p>Identificar a estrutura estrófica da canción.</p>	<p>Para que o alumnado atenda pode interesar engadir algún tipo sinxelo de participación, como percusión corporal. Para apreciar o ritmo de muiñeira nova recomendamos tresillos de corchea como palmada, man dereita no xeonllo dereito, man esquerda no xeonllo esquerdo (coincidente co esquema da pandeireta). Realizarase durante oito compases con punto final. Para os que poidan, engadiremos golpe no chan co pé dominante a brancas no compás un, dous e catro, e dúas negras no tres, repetindo igual ata completar os oito compases de cada frase musical.</p>
<p>AD. Aprender a letra da canción.</p>	<p>Identificar a rima e a métrica. Recoñecer a estrutura do texto.</p>	<p>Recitar a letra todo o grupo simultaneamente. Ir borrando do encerado algúns versos sinalados previamente sen que afecte á declamación. Obrar consecutivamente ata que desapareza toda a letra e reciten de memoria.</p> <p>Traballar de forma idéntica pero de discente en discente, establecendo unha quenda previa de participación (por exemplo, en rolda). Aplicarlle unha declamación máis rítmica e poética.</p>
<p>AD. Preparando o instrumental de láminas en pentafonía, engadir entre as estrofas cantadas as diferentes improvisacións co apoio dos ODE do curso.</p>	<p>Cantar a canción dúas veces, deixando entre cada estrofa oito compases de espera.</p> <p>Improvisar por familias (carillóns, xilófonos, metalófonos e IPAI) durante oito compases, coas láminas preparadas en pentafonía.</p> <p>Cantar a canción co apoio dos ODE do curso (con ou sen melodía), intercalando</p>	<p>Convén contar cos dedos á vista do alumnado os oito compases para que todos fagan o punto final na primeira parte do oitavo compás de cada vez.</p>

	entre cada estrofa unha improvisación. O resultado será: 1ª estrofa - improvisación de carillóns - 2ª estrofa - improvisación de xilófonos - 3ª estrofa - improvisación de metalófonos - 4ª estrofa - improvisación dos IPAI (repíte todo ata aquí) - 1ª estrofa - improvisación de todos - 2ª estrofa	
AAV. Engadir o xogo de substitución de palabras por xestos sobre a primeira estrofa co apoio dos ODE do curso.	<p>Cantar a canción seguida sen improvisacións de maneira que a primeira vez se faga sen xestos, a segunda vez con un xesto, a terceira con dous e así progresivamente ata que na novena só se fagan xestos sen canto. Na décima e última se canta con todos os xestos.</p> <p>Cantar a canción co apoio dos ODE do curso (con ou sen melodía), intercalando entre cada estrofa unha improvisación e co xogo de substitución de palabras por xestos. O resultado será: 1ª estrofa cantada enteira sen xestos - improvisación de carillóns - 1ª estrofa con un xesto - improvisación de xilófonos - 1ª estrofa con dous xestos - improvisación de metalófonos - 1ª estrofa con tres xestos - improvisación dos IPAI (repíte todo ata aquí, chegando aos sete xestos) - 1ª estrofa sen canto, só os oito xestos - improvisación de todos - 1ª estrofa cantando e con todos os xestos.</p>	Convén axudar ao alumnado cos xestos e repetilos primeiro varias veces mentres se canta, antes de ensamblar cos instrumentos.
AA. Gravar esta última versión en vídeo.	Atender á interpretación independentemente dos factores externos	Subírase este traballo ao <i>blog</i> da aula e remitírase

	que incidan sobre ela.	enlace ás familias.
--	------------------------	---------------------

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	MODELO DE PENSAMENTO ⁵	MODELO ENSINO-APRENDIZAXE ⁴	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES ³	AGRUPAMENTO ²	RECURSOS DIDÁCTICOS	TMP.
AIM. Coa letra escrita no encerado, cantar o profesorado a canción «O outono xa chegou» acompañándose cun instrumento polifónico ou ben sobre os ODE do curso.	Reflexivo. Percepción.	Condutual-instrutivo. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	5'
AD. Aprender a letra da canción.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Individual. Heteroxéneo.		5'
AD. Aprender «O outono xa chegou» co grupo instrumental escolar por partes e con apoio dos ODE do curso.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	30'

² Grupo clase; individual; grupos. // Afíns; heteroxéneos; grupos de interese; titoría entre pares; mentores.

³ Intelixencia lingüístico-verbal. Intelixencia lóxica-matemática. Intelixencia espacial. Intelixencia musical. Intelixencia corporal cenestésica. Intelixencia intrapersoal. Intelixencia interpersoal. Intelixencia naturalista.

⁴ Condutual-instrutivo. Cognitivo-constructivo. Social-cooperativo. Persoal-individual. Lingüístico. Proxectivo.

⁵ Percepción. Memoria. Comprensión. Aplicación. Análise. Investigación. Síntese. Avaliación. // Reflexivo. Analítico. Lóxico. Crítico. Sistémico. Analóxico. Creativo. Deliberativo. Práctico.

AD. Estudiar as partes en que participan as frutas.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual.	Musical. Corporal cinestésica. Intrapersoal. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo. Afíns.	Partituras. Música mp3.	5'
AA. Procurar información sobre o magosto, así como sobre cancións de Santos e magosto.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo. Persoal-individual.	Lingüístico-verbal. Musical. Intrapersoal.	Individual.	Partituras. Vídeo. Web/portal temático ou corporativo. Lecturas guiadas.	-
AR. Distribuídos por instrumentos, tocar cada discente a parte que lle corresponda.	Práctico. Aplicación.	Cognitivo-constructivo.	Musical. Corporal cenestésica. Intrapersoal. Interpersoal.	Grupos. Grupo de interese.	Partituras.	15'
ARF. Axudar o profesorado e o alumnado que saiba a súa parte aos que presenten dificultades.	Práctico. Aplicación.	Social-cooperativo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupos. Titoría entre pares.	Partituras. Música mp3.	5'
AD. Montar a peza todos xuntos, sen e con canto.	Práctico. Sistémico. Aplicación.	Proxectivo.	Musical. Corporal cenestésica. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	20'
AA. Gravar esta última versión en audio, vídeo	Analítico.	Cognitivo-constructivo.	Musical.	Grupo clase.	Actividade de	5'

ou soporte informático.	Percepción. Análise.	Lingüístico.		Heteroxéneo.	discusión.	
AIM. Coa letra escrita no encerado, o profesorado canta a canción «A castaña no ourizo» acompañándose cun instrumento polifónico ou ben sobre os ODE do curso (versión A, con ou sen apoio da melodía).	Reflexivo. Percepción.	Condutual-instrutivo. Lingüístico.	Lingüístico-verbal. Musical.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	3'
AD. Aprender a letra da canción.	Reflexivo. Memoria.	Lingüístico.	Lingüístico-verbal.	Individual. Heteroxéneo.		5'
AD. Preparando o instrumental de láminas en pentafonía, engadir entre as estrofas cantadas as diferentes improvisacións co apoio dos ODE do curso.	Práctico. Sistémico. Aplicación.	Social-cooperativo. Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	15'
AD. Engadir o xogo de substitución de palabras por xestos	Práctico. Creativo.	Social-cooperativo. Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3.	15'

sobre a primeira estrofa co apoio dos ODE do curso.	Aplicación.					
AA. Gravar esta última versión en vídeo.	Práctico. Aplicación. Memoria.	Proxectivo.	Musical. Interpersoal.	Grupo clase. Heteroxéneo.	Partituras. Música mp3. Vídeo.	7'

4. AVALIACIÓN				
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Aspectos a observar para a avaliación	Competencias Clave	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Observacións orixinais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL 	<p>Debate.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. 	<p>Vocabulario técnico axeitado.</p> <p>Precisión nas pasaxes sinaladas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCL 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. 	<p>Control da figuración.</p> <p>Partes fortes acentuadas.</p> <p>Subdivisións coherentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<p>Recoñecemento dos elementos.</p> <p>Reproducción exacta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> B1.6 Utilizar recursos gráficos durante a audición 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.6.1 Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun 	<p>Aproximación á estrutura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>



dunha peza musical.	musicograma ou nunha partitura sinxela.			
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.6.2 Identifica as partes dunha peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura. 	Vocabulario técnico axeitado. Aproximación á estrutura.	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	Vocabulario técnico axeitado. Respecto ás figuras, alturas e indicacións.	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	Precisión rítmica. Aproximación interválica e melódica.	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	Asunción do seu rol no grupo. Respecto ás entradas e intervencións dos demais. Interese por mellorar o resultado obtido.	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	Proxectos. Rexistro do profesorado. Rúbricas.
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	Vocabulario técnico axeitado. Interese por mellorar o resultado obtido. Actitude construtiva.	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	Método de casos. Proxectos. Debate. Rexistro do profesorado.

		Concreción nas apreciacións.		Rúbricas.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2 Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibida e placentera mostrando confianza nas propias posibilidades e nas dos demais, mostrando actitudes de respecto ecolaboración cos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.2 Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados 	<p>Interese por mellorar o resultado obtido.</p> <p>Entrada e final.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	<p>Debate.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.3 Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	<p>Actitude construtiva.</p> <p>Interese por mellorar o resultado obtido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	<p>Debate.</p> <p>Rexistro do profesorado.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.4 Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura, 	<p>Asunción do seu rol no grupo.</p> <p>Respecto ás entradas e intervencións dos demais.</p> <p>Interese por mellorar o resultado obtido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	<p>Rexistro do profesorado.</p> <p>Rúbricas.</p>

RÚBRICA						
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores				Comp. clave
		A	B	C (mínimo)	D	
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe cunha linguaxe técnica precisa e informa das particularidades e situación dos elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe cunha linguaxe técnica aproximada e informa sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe e proporciona información sobre os elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a existencia dalgúns elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e sons da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica, describe e sitúa exactamente as variacións agóxicas e dinámicas presentes nas obras. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e describe o grao de variación en velocidade e intensidade nas obras escoitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e sitúa variacións de velocidade e intensidade nas obras escoitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece variacións de velocidade e intensidade nas obras escoitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCL
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.3. Identifica, clasifica e 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece na escrita os compases traballados e enche 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece na escrita os compases traballados e enche 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece na escrita os compases traballados e enche 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece na escrita os compases traballados e enche 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece na escrita os compases de

compoñen.	completa os compases traballados.	con todo tipo de figuracións os incompletos, recoñecendo auditivamente ritmos binarios e ternarios, así como sínipas.	con figuras coincidentes en tempo e sínipas aqueles incompletos, distinguindo ritmos binarios e ternarios auditivamente.	con figuras simples e a tempo aqueles baleiros total ou parcialmente.	tres por catro e catro por catro traballados.	
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados, os integra nas súas producións basicamente e refírese a eles de xeito preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados e os integra nas súas producións basicamente. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica algúns e emprega de xeito aproximado os elementos da linguaxe musical traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6 Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical 	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.6.1 Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> Representa a estrutura escoitada en musicogramas diversos así como a través de grafías e partituras sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> Establece unha relación entre o que escoita e represéntao en musicogramas diversos e partituras sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> Entende a existencia de seccións pero non as relaciona con representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
	<ul style="list-style-type: none"> EMB1.6.2 Identifica as partes dunha 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as partes dunha peza musical sinxela 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as partes dunha peza musical sinxela 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as partes dunha peza musical sinxela 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica as partes dunha peza musical sinxela 	<ul style="list-style-type: none"> CAA

	peza musical sinxela representando graficamente a súa estrutura.	representando graficamente a súa estrutura diferenciando formas estróficas, binarias, ternarias y rondós.	representando graficamente a súa estrutura e diferenciando formas estróficas, binarias e ternarias.	representando graficamente a súa estrutura.	pero non pode representalas graficamente.	
<ul style="list-style-type: none"> B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta instrumentalmente a só sobre partitura os elementos coñecidos da linguaxe musical, e de xeito aproximado se o fai cantando. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e interpreta con partitura en pequeno grupo instrumental e/ou vocal, respectando tempo, matices e indicacións de expresión. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta con partitura en grupo, apoiándose co oído e respectando o tempo absolutamente, vocal e instrumentalmente. 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece os elementos básicos da linguaxe musical presentes nas partituras das pezas e os reproduce grupalmente de xeito aproximado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e movementos melódicos nos motivos traballados. 	<ul style="list-style-type: none"> Transcribe ritmos coas figuras coñecidas en compases simples e intervalos consonantes. 	<ul style="list-style-type: none"> Transcribe esquemas rítmicos sinxelos empregando as figuras coñecidas en compases simples. 	<ul style="list-style-type: none"> Transcribe figuras e esquemas sen síncopas nos compases coñecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA

de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta a súa parte vixiando planos sonoros, entradas, equilibrio global e expresión e se preocupa polo resultado global. Emite a voz con certa impostación, mantén a afinación, respecta a afinación, equilibra os planos sonoros e expresa máis aló da música. 	<ul style="list-style-type: none"> Asume o rol que lle corresponde na interpretación colectiva, asume a técnica precisa, entra no lugar que lle corresponde e non se perde durante a execución. Afina durante a execución vocal e respira respectando o fraseo, aplicando unha técnica vocal axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpreta o seu papel na interpretación instrumental colectiva, con certa precisión técnica e sen erros que impliquen a súa perda do resto do grupo. Mantén a afinación ao principio e final da peza e respira nos lugares indicados. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa con interese na interpretación vocal e/ou instrumental de conxunto. Canta con letra nunha afinación aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. 	<ul style="list-style-type: none"> Sinala os erros cometidos empregando unha linguaxe técnica precisa, sendo quen da súa corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> Sinala o mellorable da interpretación e pon da súa parte para a corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> Sinala os erros cometidos de xeito aproximado. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprecia a existencia de aspectos mellorables, pero non os sitúa na interpretación de xeito preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> B2.2 Participar en producións musicais 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.2 Crea unha peza musical sinxela a 	<ul style="list-style-type: none"> Crea pezas musicais partindo de elementos 	<ul style="list-style-type: none"> Crea pezas musicais partindo de elementos 	<ul style="list-style-type: none"> Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, 	<ul style="list-style-type: none"> Crea unha peza musical sinxela por 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA

<p>sinxelas de xeito desinhibida e placentera mostrando confianza nas propias posibilidades e nas dos demais, mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais.</p>	<p>partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados.</p>	<p>previos, combinados e organizados en base a criterios propios ou a consignas musicais ou extramusicais alleas.</p>	<p>previos, combinados e organizados en base a criterios propios ou a consignas musicais alleas.</p>	<p>combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e ou manexados.</p>	<p>conxunción de elementos coñecidos, sen que prime unha idea de organización musical.</p>		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3 Amosa respecto e responsabilidade e no traballo individual e colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo, tomando iniciativas e asumindo o rol que lle corresponde e axudando ao resto nas tarefas encomendadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo, tomando iniciativas e asumindo o rol que lle corresponde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non amosa o respecto nin a responsabilidade debida no traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4 Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza todo tipo de acompañamentos, cantando á vez que interpreta nas cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza acompañamentos de dificultade media de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non realiza os acompañamentos das obras musicais da propia cultura traballadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	

5. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

Participación das familias	Divulgación social da tarefa	Colaboración de recursos externos e comunidade escolar
<p>Resposta ás cuestións que poidan xurdir ao respecto do magosto, Santos e outras cuestións da época tratada.</p> <p>Control familiar nas procuras guiadas pola rede.</p>	<p>Gravación en audio, vídeo ou soporte informático das interpretacións das obras traballadas; subida ao <i>blog</i> da clase, web do centro ou en arquivo individualizado para o alumnado.</p> <p>Realizarase a gravación do «Festival de Nadal», proxecto no que se integra esta UDI.</p>	<p>Simultaneidade da unidade coa outra área implicadas.</p> <p>Preparación e adorno do centro (murais alusivos, paneis, follas secas, ferramentas de labranza, fotos antigas...) en relación co centro de interese tratado.</p> <p>Celebración do Magosto no centro.</p>